

**RESOLUCIÓN DO 31 DE XULLO DE 2023 DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS, POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DO 17 DE XULLO DE 2023 NA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE DEZ PROXECTOS MUSICAIS PARA A CONTRATACIÓN DE DEZ *SHOWCASES* NO MARCO DO FOCUS GALICIA 2023**

Con data 17 de xullo de 2023 o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais ditou resolución pola que se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección dez proxectos musicais para a contratación de dez showcases no marco do Focus Galicia 2023. Esta resolución ten por obxecto modificar as bases desta convocatoria para permitir incrementar o número de participantes, xa que estas modificacións, que non alteran a finalidade desta convocatoria, permiten incrementar o espectro dos posibles participantes, garantindo unha maior concorrencia e competitividade.

As modificacións que se realizan afectan aos requisitos esixidos para as persoas beneficiarias, facéndose dúas modificacións, ampliando as epígrafes do IAE para engadir as 965 e 983 e corrixindo a limitación da presentación dun proxecto por persoa física ou xurídica solicitante.

Polo exposto e de conformidade coas competencias atribuídas polo acordo do Consello Reitor, de 24 de xullo de 2012, publicado no DOG Núm. 164 de 29 de agosto de 2012, no que se delegan na persoa titular da Dirección da Agadic as competencias que como órgano de contratación corresponden ao Consello Reitor

**RESOLVO:**

1. Modificar a resolución do 17 de xullo de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección dez proxectos musicais para a contratación de dez showcases no marco do Focus Galicia 2023.

1.1. Modifícase o artigo 2 punto a) quedando redactado da seguinte forma:

“a) Ser profesional autónomo ou empresa do ámbito musical e estar dado de alta nalgunha das epígrafes do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) relacionadas coa actividade musical a contratar:

032: intérpretes de instrumentos musicais

033: actividades relacionadas coa música, cantantes

039: outras actividades relacionadas coa música n.c.o.p

965: Servizos recreativos e culturais. Espectáculos

983: Axencia de colocación de artistas”.



1.2. Modifícase o artigo 2 penúltimo parágrafo quedando redactado da seguinte forma:

“Só se poderá presentar unha proposta por cada proxecto musical dunha banda ou solista”.

2. Ordenar a publicación na web da Axencia Galega das Industrias Culturais desta resolución.

3. O prazo de presentación de solicitudes amplíase ata o 10 de agosto ás 23.59 h. Este novo prazo non afectará á admisibilidade das solicitudes xa presentadas, que non terán que ser presentadas de novo.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto

Santiago de Compostela,

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais

**Jacobo Sutil Nesta**

